

- RESOLUCIÓN do 18 de outubro de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se inicia o prazo para a inscrición de aspirantes a nomeamentos temporais nos postos de traballo do persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989, do 23 de outubro). [Descargar PDF](#)

Iníciase o prazo para a inscrición das persoas interesadas nas listas de aspirantes para a formalización de nomeamentos temporais nos postos de traballo do persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989, do 23 de outubro), nos colectivos profesionais que se indican a seguir:

1. Clase de inspector/a médico/a.
 2. Clase de inspector/a farmacéutico/a.
 3. Clase de farmacéutico/a inspector/a de saúde pública.
 4. Lista xeral de licenciado/a sanitario/a: licenciado/a en medicina e cirurxía, licenciado/a en farmacia, licenciado/a en ciencias químicas, licenciado/a en ciencias biolóxicas, licenciado/a en psicoloxía.
 5. Clase de subinspector/a sanitario/a.
 6. Clase de ATS/DUE.
- Prazo de inscrición

5.1. Para a primeira xeración de listas poderanse formalizar as solicitudes desde o día seguinte ao de publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia **ata o 30 de novembro de 2016**.

Os méritos computables serán os causados ata o día inmediatamente anterior ao de publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e que consten acreditados na data límite de finalización do prazo de presentación de solicitudes.